

Obxectivos do proxecto

1. Ofrecer á poboación adulta a oportunidade de lograr un maior desenvolvemento das súas posibilidades, a través dun aumento do seu nivel educativo e cultural.
2. Motivar ós participantes estimulando un coñecemento crítico da realidade.
3. Impulsar a iniciativa creativa como resposta aos problemas do seu entorno.
4. Dinamizar a vida cultural e educativa do centro, promovendo o protagonismo dos participantes.
5. Facilitar a orientación educativa e formación pre-laboral para aquelas persoas que non se poden achegar ao mercado laboral ou educativo pola súa escasa formación previa.

Breve reseña da curtametraxe BUXAINA

“Buxaina” intenta reflexionar sobre as dificultades da toma de decisións na vida dos protagonistas e as súas consecuencias.

Marta leva un estilo de vida difícil de sobrelevar cun bo cumprimento no traballo, e coa comunidade de veciños (festas, ruído, festas nocturnas...). Esta situación lévaa a chegar tarde en varias ocasións ao traballo, e o seu xefe acaba por darlle un ultimátum (ou cambia de actitude ou vaise a rúa). Marta, atópase “atrapada” e quen parecían ser os seus amigos, danlle as costas. O trompo ou buxaina pendula constantemente á hora de tomar unha decisión: Que debe de facer?....Marta atópase bloqueada.

Ricardo, irmán de Marta, e Paula deciden axudala a clarificar o problema, e a súa colaboración resultará determinante para que Marta atope luz e claridade na súa vida, e de esta forma Marta sexa capaz de manexar “a buxaina” de forma adecuada ás súas necesidades